COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido firmado por Concelleira Delegada Comercio, Mercados, Consumo e Barrios (DIANA MARIA SOBRAL CABANAS) a las 12:23 del día 21/10/2022. Mediante el código de verificación 62500D680A4L344X1AZ3 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

| Área / Unidad | Documento | |
|---|---|---|
| OFICIALIA MAYOR OF0000 S.L. | 10116I04NA | |
| Código de verificación: 6250 0D68 0A4L 344X 1AZ3 | Expediente: 101/2022/54 | |
| | Fecha: 21-10-2022 | |

| Asunto | Interesado |
|---|---|
| Acta Xunta de Goberno extraordinaria e urxente de 21 de setembro de 2022 | |

# SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA VINTE E UN DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

No salón vermello da Casa do Concello desta cidade, a **vinte e un de setembro de dous mil vinte e dous**. Baixo a Presidencia da **alcaldesa, dona Inés Rey García,** e a asistencia **dos tenentes e tenentas de alcaldesa don Juan Ignacio Borrego Vázquez e dona Eudoxia María Neira Fernández, así como dos concelleiros e concelleiras dona Diana María Sobral Cabanas, don Francisco Dinís Díaz Gallego e dona Mónica Martínez Lema,** reuniuse, previa convocatoria regulamentariamente circulada, a Xunta de Goberno Local, co obxecto de realizar sesión **extraordinaria e urxente** en primeira convocatoria.

Asisten, así mesmo, dona María Esther Álvarez Martínez, oficial maior, desempeñando a función do Órgano de Apoio ao concelleiro secretario e á Xunta de Goberno Local, así como don Ángel David Murado Codesal, interventor xeral municipal, e dona María José Macías Mourelle, en representación da Asesoría Xurídica, en funcións de colaboración e asistencia.

# *SESIÓN EXTRAORDINARIA Y URGENTE DE LA JUNTA DE GOBIERNO LOCAL DE FECHA VEINTIUNO DE SEPTIEMBRE DE DOS MIL VEINTIDÓS*

*En el salón rojo de las Casas Consistoriales de esta ciudad, a **veintiuno de septiembre de dos mil veintidós**. Bajo la Presidencia de la **alcaldesa, doña Inés Rey García,** e a asistencia **de los tenientes y tenientas de alcaldesa don Juan Ignacio Borrego Vázquez y doña Eudoxia María Neira Fernández, así como de los concejales y concejalas doña Diana María Sobral Cabanas, don Francisco Dinís Díaz Gallego y doña Mónica Martínez Lema,** se reunió, previa convocatoria reglamentariamente circulada, la Junta de Gobierno Local, al objeto de celebrar sesión **extraordinaria y urgente** en primera convocatoria.*

*Asisten, asimismo, doña María Esther Álvarez Martínez, oficial mayor, desempeñando la función del Órgano de Apoyo al concejal secretario y a la Junta de Gobierno Local, así como don Ángel David Murado Codesal, interventor general municipal, y doña María José Macías Mourelle, en representación de la Asesoría Jurídica, en funciones de colaboración y asistencia.*

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Concelleira Delegada Comercio, Mercados, Consumo e Barrios (DIANA MARIA SOBRAL CABANAS) a las 12:23 del día 21/10/2022. Mediante el código de verificación 62500D680A4L344X1AZ3 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

Asiste tamén os concelleiros da oposición don Antonio Deus Álvarez (PP) e Francisco Xesús Jorquera Caselas (BNG).

*Asiste también los concejales de la oposición don Antonio Deus Álvarez (PP) y don Francisco Xesús Jorquera Caselas (BNG).*

Desculpan a súa ausencia a tententa de alcaldesa **dona María Esther Dolores Fontán Prado**, o tenente de alcaldesa **don Jesús Javier Celemín Santos** e o concelleiro **don José Manuel Lage Tuñas**.

*Disculpan su ausencia la tenienta de alcaldesa **doña María Esther Dolores Fontán Prado**, el teniente de alcaldesa **don Jesús Javier Celemín Santos** y el concejal **don José Manuel Lage Tuñas**.*

Dá fe do acto a **concelleira-secretaria suplente da Xunta de Goberno Local, doña Diana María Sobral Cabanas**.

*Da fe del acto la **concejala-secretaria suplente de la Junta de Gobierno Local, doña Diana María Sobral Cabanas.***

Ás dez horas a Presidencia declara iniciada a sesión e pasa a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

*Siendo las diez horas la Presidencia declara abierta la sesión y pasa a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.*

## DECLARACIÓN DE URXENCIA

## *DECLARACIÓN DE URGENCIA*

### 571.- Ratificación da urxencia da sesión

### *571.- Ratificación de la urgencia de la sesión*

Por **unanimidade**, en votación ordinaria, logo da explicación e xustificación para o efecto, acórdase:

*Por **unanimidad**, en votación ordinaria, previa explicación y justificación al efecto, se acuerda:*

Ratificar pola Xunta de Goberno Local a urxencia da sesión de conformidade co disposto no artigo 106. a) do Regulamento orgánico municipal e nos artigos 112 e 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2.568/1986, do 28 de novembro.

*Ratificar por la Junta de Gobierno Local la urgencia de la sesión de conformidad con lo dispuesto en el artículo 106. a) del Reglamento Orgánico Municipal y en los artículos 112 y 113 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, aprobado por Real Decreto 2.568/1986, de 28 de noviembre.*

## URBANISMO, VIVENDA, INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

## *URBANISMO, VIVIENDA, INFRAESTRUCTURAS Y MOVILIDAD.*

### Mobilidade e Accesibilidade

### *Movilidad y Accesibilidad*

### 572.- Expte. 512/2022/3276

### *572.- Expte. 512/2022/3276*

**Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello da Coruña e a Universidade da Coruña para a subvención do transporte público colectivo de persoas viaxeiras a estudantes da Universidade da Coruña.**

Previa deliberación, **de conformidade co informe–proposta que consta no expediente** e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, **en canto serve de motivación ao mesmo**, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

Primeiro. Autorizar a subscrición do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A SUBVENCIÓN DO TRANSPORTE PÚBLICO COLECTIVO DE PERSOAS VIAXEIRAS A ESTUDANTES DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA (NIF Q6550005J), nas condicións que se detallan no texto do convenio que se transcribe a continuación destes acordos.

Segundo. Establecer as seguintes condicións para aplicar a tarifa universitaria reducida, aprobada na sesión da Xunta de Goberno Local do día 28 de decembro do 2018 e que continúa vixente, incluídas redución e modificación aplicables, segundo as cláusulas do convenio aprobado: todas as viaxes realizadas polo alumnado matriculado na Universidade da Coruña durante o curso académico, empregando as liñas do transporte colectivo urbano UDC, 24 e 2A de acceso aos campus universitarios, e as viaxes de orixe con transbordo nas ditas liñas.

***Aprobación del convenio de colaboración entre el Ayuntamiento de A Coruña y la Universidad de A Coruña para la subvención del transporte público colectivo de personas viajeras a estudiantes de la Universidad de A Coruña.***

*Previa deliberación, **de conformidad con el informe–propuesta que consta en el expediente** y del que se dará traslado, en todo caso, con la certificación/notificación del presente acuerdo, **en cuanto sirve de motivación al mismo**, de conformidad con el art. 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, por unanimidad, en votación ordinaria, se acuerda:*

*Primero. Autorizar la suscripción del CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE EL AYUNTAMIENTO DE A CORUÑA Y LA UNIVERSIDAD DE A CORUÑA PARA LA SUBVENCIÓN DEL TRANSPORTE PÚBLICO COLECTIVO DE PERSONAS VIAJERAS A ESTUDIANTES DE LA UNIVERSIDAD DE A CORUÑA (NIF Q6550005J), en las condiciones que se detallan en el texto del convenio que se transcribe a continuación de estos acuerdos.*

*Segundo. Establecer las siguientes condiciones para aplicar la tarifa universitaria reducida, aprobada en sesión de la Junta de Gobierno Local del día 28 de diciembre de 2018 y que continúa vigente, incluidas reducciones y modificación aplicables, según las cláusulas del convenio aprobado: todos los viajes realizados por el alumnado matriculado en la Universidad de A Coruña durante el curso académico, empleando las líneas del transporte colectivo urbano UDC, 24 y 2A de acceso a los campus universitarios, y los viajes de origen con transbordo en dichas líneas.*



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Concelleira Delegada Comercio, Mercados, Consumo e Barrios (DIANA MARIA SOBRAL CABANAS) a las 12:23 del día 21/10/2022. Mediante el código de verificación 62500D680A4L344X1AZ3 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Concelleira Delegada Comercio, Mercados, Consumo e Barrios (DIANA MARIA SOBRAL CABANAS) a las 12:23 del día 21/10/2022. Mediante el código de verificación 62500D680A4L344X1AZ3 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A SUBVENCIÓN DO TRANSPORTE PÚBLICO COLECTIVO DE PERSOAS VIAXEIRAS A ESTUDANTES DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

***CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE EL AYUNTAMIENTO DE A CORUÑA Y LA UNIVERSIDAD DE A CORUÑA PARA LA SUBVENCIÓN DEL TRANSPORTE PÚBLICO COLECTIVO DE PERSONAS VIAJERAS A ESTUDIANTES DE LA UNIVERSIDAD DA CORUÑA***

**REÚNENSE:**

Dunha banda, a alcaldesa do Concello da Coruña (en diante, Concello), Inés Rey García, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Doutra banda, o reitor da Universidade da Coruña (en diante UDC), Julio Ernesto Abalde Alonso, no uso das atribucións que lle confire o art. 36.1. f) dos Estatutos desta Universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Xunta de Galicia (DOG do 26.05.2004), modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG do día 17.05.2007).

Ambas as partes, en nome e representación das súas respectivas institucións e entidades, recoñécense mutua e reciprocamente capacidade suficiente e necesaria para este acto e proceden a subscribir o presente convenio de colaboración e, de conformidade,

**EXPOÑEN:**

Primeiro.- O Concello da Coruña ten como prioridade a procura dunha mobilidade accesible, segura e saudable; con esta finalidade, está a desenvolver actuacións de recuperación de espazos para favorecer unha mobilidade activa e unha cidade máis amable. Neste contexto, adoptáronse unha

***SE REÚNEN:***

*Por una parte, la alcaldesa del Ayuntamiento de A Coruña (en adelante, Ayuntamiento), Inés Rey García, en virtud de las atribuciones que le confiere el artículo 21.1 b) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local.*

*Por otra parte, el rector de la Universidad de A Coruña (en adelante UDC), Julio Ernesto Abalde Alonso, en el uso de las atribuciones que le confiere el art. 36.1. f) de los Estatutos de esta Universidad, aprobados por el Decreto 101/2004, de 13 de mayo, de la Xunta de Galicia (DOG del 26.05.2004), modificados por el Decreto 194/2007, de 11 de octubre (DOG del día 17.05.2007).*

*Ambas partes, en nombre y representación de sus respectivas instituciones y entidades, se reconocen mutua y recíprocamente capacidad suficiente y necesaria para este acto y proceden a suscribir el presente convenio de colaboración y, de conformidad,*

***EXPONEN:***

*Primero.- El Ayuntamiento de A Coruña tiene como prioridad la búsqueda de una movilidad accesible, segura y saludable; con esta finalidad, está desarrollando actuaciones de recuperación de espacios para favorecer una movilidad activa y una ciudad más amable. En este contexto, se*

serie de decisións iniciais en relación cunha repartición equilibrada do espazo urbano, potenciando o emprego de transportes sostibles, buscando solucións á escaseza de aparcamento, realizando propostas para a mellora do transporte urbano e metropolitano, novas medidas en relación coa zona de ordenación e regulación do aparcamento (zona ORA) e a súa reforma, e do estudo da mellora da distribución urbana de mercadorías. Todo isto tentando combinar a posible recuperación de espazos para a mobilidade peonil, o impulso do transporte público e a dotación de equipamentos para o estacionamento de vehículos e a dinamización dos barrios que impulsen o comercio e o sector servizos. Sempre, ademais, tentando garantir a seguridade viaria.

*adoptaron una serie de decisiones iniciales en relación con un reparto equilibrado del espacio urbano, potenciando el empleo de transportes sostenibles, buscando soluciones a la escasez de aparcamiento, realizando propuestas para la mejora del transporte urbano y metropolitano, nuevas medidas en relación con la zona de ordenación y regulación del aparcamiento (zona ORA) y su reforma, y del estudio de la mejora de la distribución urbana de mercancías. Todo esto intentando combinar la posible recuperación de espacios para la movilidad peatonal, el impulso del transporte público y la dotación de equipamientos para el estacionamiento de vehículos y la dinamización de los barrios que impulsen el comercio y el sector servicios. Siempre, además, intentando garantizar la seguridad vial.*

Neste marco de actuacións a Xunta de Goberno Local do Concello da Coruña aprobou, o 27.04.2022, o *Proxecto de creación e implantación inicial da zona de baixas emisións da Coruña*, no marco do mandato legal contido no artigo 14 da Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética. Outra actuación no mesmo eido é a consistente na solicitude municipal para participar, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (Fondos Next Generation), na convocatoria correspondente ao compoñente 1 no "Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano". Entre os obxectivos específicos destes fondos está o fomento do cambio modal en contornas urbanas e metropolitanas cara a modos de transporte máis sostibles, priorizando o transporte público colectivo e a mobilidade activa para contribuír así aos obxectivos de mellora ambiental e da saúde.

*En este marco de actuaciones la Junta de Gobierno Local del Ayuntamiento de A Coruña aprobó, el 27.04.2022, el Proyecto de creación e implantación inicial de la zona de bajas emisiones de A Coruña, en el marco del mandato legal contenido en el artículo 14 de la Ley 7/2021, de 20 de mayo, de Cambio Climático y Transición Energética. Otra actuación en el mismo campo es la consistente en la solicitud municipal para participar, en el marco del Plan de recuperación, transformación y resiliencia (Fondos Next Generation), en la convocatoria correspondiente al componente 1 en el "Programa de ayudas a municipios para la implantación de zonas de bajas emisiones y la transformación digital y sostenible del transporte urbano". Entre los objetivos específicos de estos fondos está el fomento del cambio modal en entornos urbanos y metropolitanos hacia modos de transporte más sostenibles, priorizando el transporte público colectivo y la movilidad activa para contribuir así a los objetivos de mejora ambiental y de la salud.*



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Concelleira Delegada Comercio, Mercados, Consumo e Barrios (DIANA MARIA SOBRAL CABANAS) a las 12:23 del día 21/10/2022. Mediante el código de verificación 62500D680A4L344X1AZ3 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido firmado por Concelleira Delegada Comercio, Mercados, Consumo e Barrios (DIANA MARIA SOBRAL CABANAS) a las 12:23 del día 21/10/2022. Mediante el código de verificación 62500D680A4L344X1AZ3 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

Xa que logo, neste marco de potenciación do transporte público colectivo, é onde debe circunscribirse a necesidade e oportunidade dun convenio para o fomento do uso deste transporte favorecendo a mobilidade sostible mediante o emprego do transporte público colectivo entre o alumnado da Universidade da Coruña.

O fomento do transporte público colectivo inclúese como medida imprescindible dentro do Plan de mobilidade urbana sustentable (PMUS) aprobado polo Pleno do Concello da Coruña no ano 2013 e que contempla as seguintes submedidas ou programas de actuación:

2.3. Programa de Fomento do emprego do transporte colectivo

6. Ampliación e mellora da rede de transporte público

7. Axudas ao transporte colectivo

Segundo.- A Universidade da Coruña, desde hai varios anos, subvenciona mediante unha convocatoria, axudas para o transporte urbano na cidade da Coruña co obxecto de lle facilitar o transporte ao alumnado aos seus respectivos centros de estudos e mitigar o custo que este supón, en función dos ingresos familiares.

A UDC está moi comprometida cos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), como se pon de manifesto co liderado en sustentabilidade a nivel galego e o cuarto posto acadado no ámbito nacional segundo a última edición do *Green Metric Ranking of Universities*, a clasificación universitaria de maior alcance internacional, que elabora un informe no cal se comparan os esforzos das universidades cara á sustentabilidade ambiental e as políticas de xestión respectuosas co ambiente e promotoras da loita contra o cambio climático. Entre os diversos indicadores que se estudan preocúpanos o transporte.

A promoción do transporte urbano é unha

*Por tanto, en este marco de potenciación del transporte público colectivo, es donde debe circunscribirse la necesidad y oportunidad de un convenio para el fomento del uso de este transporte favoreciendo la movilidad sostenible mediante el empleo del transporte público colectivo entre el alumnado de la Universidad de A Coruña.*

*El fomento del transporte público colectivo se incluye como medida imprescindible dentro del Plan de movilidad urbana sostenible (PMUS) aprobado por el Pleno del Ayuntamiento de A Coruña en el año 2013 y que contempla las siguientes submedidas o programas de actuación:*

*2.3. Programa de Fomento del empleo del transporte colectivo*

*6. Ampliación y mejora de la red de transporte público*

*7. Ayudas al transporte colectivo*

*Segundo.- La Universidad de A Coruña, desde hace varios años, subvenciona mediante una convocatoria, ayudas para el transporte urbano en la ciudad de A Coruña con el objeto de facilitarle el transporte al alumnado a sus respectivos centros de estudios y mitigar el coste que este supone, en función de los ingresos familiares.*

*La UDC está muy comprometida con los objetivos de desarrollo sostenible (ODS), como se pone de manifiesto con el liderazgo en sostenibilidad a nivel gallego y el cuarto puesto alcanzado en el ámbito nacional según la última edición del Green Metric Ranking of Universities, la clasificación universitaria de mayor alcance internacional, que elabora un informe en el cual se comparan los esfuerzos de las universidades hacia la sostenibilidad ambiental y las políticas de gestión respetuosas con el ambiente y promotoras de la lucha contra el cambio climático. Entre los diversos indicadores que se estudian nos preocupa el transporte.*

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Concelleira Delegada Comercio, Mercados, Consumo e Barrios (DIANA MARIA SOBRAL CABANAS) a las 12:23 del día 21/10/2022. Mediante el código de verificación 62500D680A4L344X1AZ3 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

da liñas de actuación principais do Goberno de España, máis concretamente está recollida na mencionada *Estrategia de Movilidad Segura, Sostenible y Conectada 2030,* do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana. As urbes estanse convertendo en grandes focos de emisión de contaminantes á atmosfera, en parte polo seu elevado índice de motorización. A conxestión do tráfico implica efectos negativos en materia de seguridade viaria, competitividade, calidade do aire, contaminación acústica, saúde e, en última instancia, calidade de vida.

*La promoción del transporte urbano es una de la líneas de actuación principales del Gobierno de España, más concretamente está recogida en la mencionada Estrategia de Movilidad Segura, Sostenible y Conectada 2030, del Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana. Las urbes se están convirtiendo en grandes focos de emisión de contaminantes a la atmósfera, en parte por su elevado índice de motorización. La congestión del tráfico implica efectos negativos en materia de seguridad vial, competitividad, calidad del aire, contaminación acústica, salud y, en última instancia, calidad de vida.*

Nesta liña tamén traballa a Unión Europea, que presentou o pasado 14 de decembro de 2021 o seu novo Marco de Mobilidade Urbana para establecer orientacións europeas sobre a maneira en que as cidades poden reducir as emisións e mellorar a mobilidade.

*En esta línea también trabaja la Unión Europea, que presentó el pasado 14 de diciembre de 2021 su nuevo Marco de Movilidad Urbana para establecer orientaciones europeas sobre la manera en que las ciudades pueden reducir las emisiones y mejorar la movilidad.*

A pirámide de mobilidade urbana de persoas viaxeiras, atendendo a criterios de eficiencia enerxética, ambientais, de equidade social, vulnerabilidade, sinistralidade e calidade de vida urbana establece unha nova xerarquía que sitúa os peóns e as peoas na parte máis alta da pirámide, seguidos da bicicleta, o transporte público, o vehículo motorizado compartido e, situado no último chanzo en canto á prioridade que debe outorgarse a cada nivel no deseño do sistema de mobilidade, o vehículo privado de motor en uso individual.

*La pirámide de movilidad urbana de personas viajeras, atendiendo a criterios de eficiencia energética, ambientales, de equidad social, vulnerabilidad, siniestralidad y calidad de vida urbana establece una nueva jerarquía que sitúa a los peatones y las peatonas en la parte más alta de la pirámide, seguidos de la bicicleta, el transporte público, el vehículo motorizado compartido y, situado en el último escalón en cuanto a la prioridad que debe otorgarse la cada nivel en el diseño del sistema de movilidad, el vehículo privado de motor en uso individual.*

Terceiro.- O alumnado universitario na cidade da Coruña, en gran medida emprega o vehículo propio para os seus desprazamentos aos centros de ensino, xa que, pola súa configuración, non son moi propicios para os modos de transporte activo. Por iso, cómpre establecer medidas que reduzan este excesivo uso do automóbil buscando unha baixada nas emisións de

*Tercero.- El alumnado universitario en la ciudad de A Coruña, en gran medida emplea el vehículo propio para sus desplazamientos a los centros de enseñanza, ya que, por su configuración, no son muy propicios para los modos de transporte activo. Por eso, hace falta establecer medidas que reduzcan este excesivo uso del automóvil buscando una bajada en las*

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Concelleira Delegada Comercio, Mercados, Consumo e Barrios (DIANA MARIA SOBRAL CABANAS) a las 12:23 del día 21/10/2022. Mediante el código de verificación 62500D680A4L344X1AZ3 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

CO2 e unha maior calidade do espazo público. A implantación dunha tarifa plana para que facilite o desprazamento do alumnado da UDC que fomente o emprego do transporte público colectivo xustifica a necesidade e oportunidade deste convenio, xunto co remate da vixencia do convenio xa aludido asinado o 6 de setembro de 2018.

*emisiones de CO2 y una mayor calidad del espacio público. La implantación de una tarifa plana para que facilite el desplazamiento del alumnado de la UDC que fomente el empleo del transporte público colectivo justifica la necesidad y oportunidad de este convenio, junto con el fin de la vigencia del convenio ya aludido firmado el 6 de septiembre de 2018.*

Neste contexto é necesario abordar a xestión da demanda de mobilidade que consiste en implantar medidas de información, concienciación e fomento da mobilidade saudable, co fin de reducir as externalidades negativas: contaminación, ruído, desgaste do espazo público, emisión de gases de efecto invernadoiro, etc... e a conxestión en contornas urbanas… Potenciar o uso dun transporte público colectivo que responda ás necesidades reais do alumnado universitario e garanta unha mobilidade cotiá, segura, sostible para así propiciar unha forma de vida máis saudable e activa.

*En este contexto es necesario abordar la gestión de la demanda de movilidad que consiste en implantar medidas de información, concienciación y fomento de la movilidad saludable, con el fin de reducir las externalidades negativas: contaminación, ruido, desgaste del espacio público, emisión de gases de efecto invernadero, etc… y la congestión en entornos urbanos… Potenciar el uso de un transporte público colectivo que responda a las necesidades reales del alumnado universitario y garantice una movilidad cotidiana, segura, sostenible para así propiciar una forma de vida más saludable y activa.*

Este convenio debe ser unha evolución do asinado entre as dúas administracións o 6 de setembro de 2018, cunha vixencia de catro anos ata o 06.09.2022, e pasar de subvencionar un número limitado de viaxes para un número limitado de estudantes a financiar o transporte universitario en xeral para todo o colectivo de estudantes no uso das liñas aos campus universitarios, na procura do seu fomento.

*Este convenio debe ser una evolución del firmado entre las dos administraciones el 6 de septiembre de 2018, con una vigencia de cuatro años hasta el 06.09.2022, y pasar de subvencionar un número limitado de viajes para un número limitado de estudiantes a financiar el transporte universitario en general para todo el colectivo de estudiantes en el uso de las líneas a los campus universitarios, en la búsqueda de su fomento.*

Cuarto.- Ambas as partes intervenientes neste convenio teñen como interese común subvencionar o alumnado da UDC que utiliza o transporte público, así como a preocupación común na procura dunha mobilidade máis sostible nas cidades, reducindo a emisión de gases contaminantes á atmosfera a través da promoción do transporte público entre toda a sociedade,

*Cuarto.- Ambas partes intervinientes en este convenio tienen como interés común subvencionar al alumnado de la UDC que utiliza el transporte público, así como la preocupación común en la búsqueda de una movilidad más sostenible en las ciudades, reduciendo la emisión de gases contaminantes a la atmósfera a través de la promoción del transporte público entre toda*

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido firmado por Concelleira Delegada Comercio, Mercados, Consumo e Barrios (DIANA MARIA SOBRAL CABANAS) a las 12:23 del día 21/10/2022. Mediante el código de verificación 62500D680A4L344X1AZ3 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

polo que consideran necesario dar un paso máis con respecto ao convenio en vigor, subvencionando o transporte público, non para que sexa máis económico para determinado alumnado, senón para fomentar o seu uso.

*la sociedad, por lo que consideran necesario dar un paso más con respecto al convenio en vigor, subvencionando el transporte público, no para que sea más económico para determinado alumnado, sino para fomentar su uso.*

Por todo isto, as partes que interveñen acordan formalizar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

*Por todo esto, las partes que intervienen acuerdan formalizar el presente convenio de colaboración de acuerdo con las siguientes*

## CLÁUSULAS

## *CLÁUSULAS*

**Primeira. Obxecto do convenio**
O obxecto do presente convenio é articular unha "tarifa plana" para estudantes da UDC na utilización, durante o curso académico, do transporte urbano colectivo de persoas viaxeiras cando empregan as liñas urbanas con itinerarios dende a cidade cara aos centros universitarios dos Campus de Elviña, A Zapateira e Oza, en concreto, na actualidade, liñas UDC, 24 e 2A, e a viaxe de orixe noutras liñas con transbordo a estas, mediante a subvención á persoa usuaria do importe da tarifa xeral que se aboa mediante Tarxeta Millennium. Prevese a inclusión doutras liñas que poidan chegar ao Campus de Riazor.

***Primera. Objeto del convenio***
*El objeto del presente convenio es articular una "tarifa plana" para estudiantes de la UDC en la utilización, durante el curso académico, del transporte urbano colectivo de personas viajeras cuando emplean las líneas urbanas con itinerarios desde la ciudad hacia los centros universitarios de los Campus de Elviña, A Zapateira y Oza, en concreto, en la actualidad, líneas UDC, 24 y 2A, y el viaje de origen en otras líneas con trasbordo a estas, mediante la subvención a la persona usuaria del importe de la tarifa general que se abona mediante Tarjeta Millennium. Se prevé la inclusión de otras líneas que puedan llegar al Campus de Riazor.*

**Segunda. Deberes das partes**
<u>Deberes do Concello</u>
A Xunta de Goberno Local, en sesión realizada o día 28 de decembro de 2018, aprobou unha tarifa para o alumnado da UDC con dereito a axuda. A través deste convenio, o Concello mantén esa mesma tarifa universitaria actual de 0,30 euros, ou calquera outra vixente sen prexuízo doutras reducións ou modificacións aplicables, para todo o alumnado da UDC que aboe o transporte público colectivo coa Tarxeta Millennium cando use as liñas citadas, incluída a viaxe de orixe noutras liñas con transbordo nas liñas UDC, 24 e 2A, na

***Segunda. Deberes de las partes***
*<u>Deberes del Ayuntamiento</u>*
*La Junta de Gobierno Local, en sesión realizada el día 28 de diciembre de 2018, aprobó una tarifa para el alumnado de la UDC con pleno derecho a ayuda. A través de este convenio, el Ayuntamiento mantiene esa misma tarifa universitaria actual de 0,30 euros, o cualquiera otra vigente sin perjuicio de otras reducciones o modificaciones aplicables, para todo el alumnado de la UDC que abone el transporte público colectivo con la Tarjeta Millennium cuando use las líneas citadas, incluida el viaje de origen en otras líneas*

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido firmado por Concelleira Delegada Comercio, Mercados, Consumo e Barrios (DIANA MARIA SOBRAL CABANAS) a las 12:23 del día 21/10/2022. Mediante el código de verificación 62500D680A4L344X1AZ3 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

cláusula primeira e durante o curso académico. A diferenza que lle ten que aboar o Concello á entidade concesionaria do servizo entre o importe pagado pola persoa usuaria e o importe da tarifa xeral ordinaria farase con cargo á aplicación 30.4411.48912 do orzamento municipal, como ata o de agora.

Deberes da UDC

A UDC comprométese a achegar a cantidade de DOUSCENTOS CINCUENTA MIL EUROS (250.000€) para financiar este obxectivo durante o curso académico 2022-2023, e a mesma cantidade para o curso académico 2023-2024. Axustando a execución orzamentaria a cada curso universitario, o ingreso das achegas efectuarase da seguinte maneira:

- Último cuadrimestre de 2022: 50.000,00€
- Primeiro cuadrimestre de 2023: 200.000,00€
- Último cuadrimestre de 2023: 50.000,00€
- Primeiro cuadrimestre de 2024: 200.000,00€

Igualmente comprométese a incluír este gasto nos seus respectivos orzamentos durante a vixencia do convenio.
O ingreso das achegas realizarase dentro dos dous primeiros meses de cada cuadrimestre.

**Terceira. Condicións para a percepción da axuda**

Para poder beneficiarse desta “tarifa plana” o alumnado da UDC debe estar en posesión da Tarxeta Millennium e matriculado no curso académico para o que se outorgan tales axudas.

**Cuarta. Tramitación**

A sinatura deste convenio supón un compromiso firme de achega da UDC para o financiamento do transporte colectivo

*con trasbordo en las líneas UDC, 24 y 2A, en la cláusula primera y durante el curso académico. La diferencia que le tiene que abonar el Ayuntamiento a la entidad concesionaria del servicio entre el importe pagado por la persona usuaria y el importe de la tarifa general ordinaria se hará con cargo a la aplicación 30.4411.48912 del presupuesto municipal, como hasta ahora.*

*Deberes de la UDC*

*La UDC se compromete a aportar la cantidad de DOSCIENTOS CINCUENTA MIL EUROS (250.000€) para financiar este objetivo durante el curso académico 2022-2023, y la misma cantidad para el curso académico 2023-2024. Ajustando la ejecución presupuestaria a cada curso universitario, el ingreso de las aportaciones se efectuará de la siguiente manera:*

- *Último cuatrimestre de 2022: 50.000,00€*
- *Primero cuatrimestre de 2023: 200.000,00€*
- *Último cuatrimestre de 2023: 50.000,00€*
- *Primero cuatrimestre de 2024: 200.000,00€*

*Igualmente se compromete a incluir este gasto en sus respectivos presupuestos durante la vigencia del convenio.*
*El ingreso de las aportaciones se realizará dentro de los dos primeros meses de cada cuatrimestre.*

***Tercera. Condiciones para la percepción de la ayuda***

*Para poder beneficiarse de esta “tarifa plana” el alumnado de la UDC debe estar en posesión de la Tarjeta Millennium y matriculado en el curso académico para el cual se otorgan tales ayudas.*

***Cuarta. Tramitación***

*La firma de este convenio supone un compromiso firme de aportación de la UDC a la financiación del transporte colectivo*

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Concelleira Delegada Comercio, Mercados, Consumo e Barrios (DIANA MARIA SOBRAL CABANAS) a las 12:23 del día 21/10/2022. Mediante el código de verificación 62500D680A4L344X1AZ3 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

urbano para o alumnado matriculado, xa que logo, o importe correspondente ao último cuadrimestre deste ano xerará crédito na aplicación 30.4411.48912 do Orzamento Municipal en vigor, logo da tramitación da oportuna modificación orzamentaria. O resto das achegas figurarán nas previsións de ingresos dos respectivos orzamentos municipais. A UDC deberá incluír tamén este gasto nos seus respectivos orzamentos segundo o compromiso adquirido na cláusula segunda.

A UDC facilitará ao inicio do curso académico a listaxe de alumnado matriculado para poder aplicar a tarifa reducida.

*urbano para el alumnado matriculado, por tanto, el importe correspondiente al último cuatrimestre de este año generará crédito en la aplicación 30.4411.48912 del Presupuesto Municipal en vigor, luego de la tramitación de la oportuna modificación presupuestaria. El resto de las aportaciones figurarán en las previsiones de ingresos de los respectivos presupuestos municipales. La UDC deberá incluir también este gasto en sus respectivos presupuestos según el compromiso adquirido en la cláusula segunda.*

*La UDC facilitará al inicio del curso académico el listado de alumnado matriculado para poder aplicar la tarifa reducida.*

**Quinta. Vixencia**

O presente convenio substitúe calquera outro que con anterioridade se asinase entre ambas as entidades cos mesmos fins. Entrará en vigor no curso académico 2022-2023 e terá unha vixencia de 2 cursos académicos e poderá ser prorrogado por outro prazo igual ao establecido de xeito inicial.

Incumprir calquera dos deberes contraídos no presente convenio por calquera das partes facultará á outra para rescindilo, de modo que quedarán automaticamente sen efecto todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do convenio, mais non así os deberes nel contraídos.

***Quinta. Vigencia***

*El presente convenio sustituye cualquier otro que con anterioridad se firmara entre ambas entidades con los mismos fines. Entrará en vigor en el curso académico 2022-2023 y tendrá una vigencia de 2 cursos académicos y podrá ser prorrogado por otro plazo igual al establecido de manera inicial.*

*Incumplir cualquiera de los deberes contraídos en el presente convenio por cualquiera de las partes facultará a la otra para rescindirlo, de modo que quedarán automáticamente sin efecto todos los derechos correspondientes sobre el objeto del convenio, mas no así los deberes en él contraídos.*

**Sexta. Causas de resolución do convenio. Modificación**

Será causa de resolución do convenio o mutuo acordo entre as partes, así como a denuncia de incumprimento de calquera das cláusulas mediante aviso previo comunicado de forma fidedigna no prazo dun mes desde que aquel for detectado.

As partes poderán modificar o presente convenio en calquera momento, sempre que haxa vontade mutua e inequívoca de ambas.

***Sexta. Causas de resolución del convenio. Modificación***

*Será causa de resolución del convenio el mutuo acuerdo entre las partes, así como la denuncia de incumplimiento de cualquiera de las cláusulas mediante preaviso comunicado de forma fidedigna en el plazo de un mes desde que aquel fuere detectado.*

*Las partes podrán modificar el presente convenio en cualquier momento, siempre que haya voluntad mutua e inequívoca de ambas.*

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Concelleira Delegada Comercio, Mercados, Consumo e Barrios (DIANA MARIA SOBRAL CABANAS) a las 12:23 del día 21/10/2022. Mediante el código de verificación 62500D680A4L344X1AZ3 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

**Sétima. Comisión de seguimento**

Constitúese unha comisión mixta de seguimento á que serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non consideradas nel e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

A Comisión estará composta, por parte da UDC, pola persoa titular da vicerreitoría competente en materia de Estudantes, ou persoa que designe máis a persoa titular da xefatura do servizo de Estudantes.

Por parte do Concello da Coruña, estará composta pola persoa titular da concellaría con competencias en Mobilidade, ou persoa en quen delegue máis a persoa titular da dirección con competencias en Mobilidade.

**Oitava. Natureza, xurisdición e lexislación aplicable**

O convenio réxese polas súas cláusulas e, no non disposto nelas, pola normativa vixente.

As partes que asinan o presente documento colaborarán, en todo momento, de acordo cos principios de boa fe e eficacia, para asegurar a execución correcta do pactado e para promover e impulsar o desenvolvemento das actuacións relacionadas.

As posibles cuestións litixiosas ou controversias a que puideren dar lugar a aplicación, interpretación, modificación, efectos e resolución do presente convenio, serán resoltas de conformidade co que dispón a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

***Séptima. Comisión de seguimiento***

*Se constituye una comisión mixta de seguimiento a la que serán sometidas todas las cuestiones derivadas del desarrollo de este convenio y no consideradas en él y, con carácter previo, aquellas que impliquen disconformidad por alguna de las partes firmantes.*

*La Comisión estará compuesta, por parte de la UDC, por la persona titular de la vicerrectoría competente en materia de Estudiantes, o persona que designe más la persona titular de la jefatura del servicio de Estudiantes.*

*Por parte del Ayuntamiento de A Coruña, estará compuesta por la persona titular de la concejalía con competencias en Movilidad, o persona en quien delegue más la persona titular de la dirección con competencias en Movilidad.*

***Octava. Naturaleza, jurisdicción y legislación aplicable***

*El convenio se rige por sus cláusulas y, en lo no dispuesto en ellas, por la normativa vigente.*

*Las partes que firman el presente documento colaborarán, en todo momento, de acuerdo con los principios de buena fe y eficacia, para asegurar la ejecución correcta de lo pactado y para promover e impulsar el desarrollo de las actuaciones relacionadas.*

*Las posibles cuestiones litigiosas o controversias a que pudieren dar lugar a aplicación, interpretación, modificación, efectos y resolución del presente convenio, serán resueltas de conformidad con lo que dispone la Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de la jurisdicción contencioso-administrativa.*

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Concelleira Delegada Comercio, Mercados, Consumo e Barrios (DIANA MARIA SOBRAL CABANAS) a las 12:23 del día 21/10/2022. Mediante el código de verificación 62500D680A4L344X1AZ3 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

**Novena. Protección de datos**
Finalidade do tratamento dos datos que van ser cedidos:

De conformidade co Real decreto lei 14/2019, do 31 de outubro, polo que se adoptan medidas urxentes por razóns de seguridade pública en materia de administración dixital, contratación do sector público e telecomunicacións, as partes sométense á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos.

As partes igualmente aceptan a cesión de datos entre elas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación, de conformidade coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais.

No que respecta a este convenio, os datos rexistrados das persoas beneficiarias da tarifa reducida serán tratados exclusivamente para o obxecto do dito convenio, sen que, en ningún caso, poidan ser utilizados para unha finalidade distinta.

Tratándose de datos que implican a menores de idade, as persoas que teñan atribuída a patria potestade, tutela, curatela ou figura xurídica que corresponda, poderán exercer o dereito de oposición, acceso, modificación e cancelación dos devanditos datos nos termos sinalados na lei.

Os datos serán custodiados polo Concello, aos que terán acceso as persoas participantes baixo as condicións sinaladas; o Concello garante a confidencialidade da información, documentación e actuacións realizadas coa sinatura do convenio, coa finalidade de cumprir coa normativa española e europea en materia de protección de datos de carácter persoal.

***Novena. Protección de datos***
*Finalidad del tratamiento de los datos que van a ser cedidos:*

*De conformidad con el Real Decreto Ley 14/2019, de 31 de octubre, por el que se adoptan medidas urgentes por razones de seguridad pública en materia de administración digital, contratación del sector público y telecomunicaciones, las partes se someten a la normativa nacional y de la Unión Europea en materia de protección de datos.*

*Las partes igualmente aceptan la cesión de datos entre ellas para dar cumplimiento a lo previsto en la normativa europea que es de aplicación, de conformidad con la Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y Garantía de Derechos Digitales.*

*En lo que respecta a este convenio, los datos registrados de las personas beneficiarias de la tarifa reducida serán tratados exclusivamente para el objeto de dicho convenio, sin que, en ningún caso, puedan ser utilizados para una finalidad distinta.*

*Tratándose de datos que implican a menores de edad, las personas que tengan atribuida la patria potestad, tutela, curatela o figura jurídica que corresponda, podrán ejercer el derecho de oposición, acceso, modificación y cancelación de dichos datos en los términos señalados en la ley.*

*Los datos serán custodiados por el Ayuntamiento, a los que tendrán acceso las personas participantes bajo las condiciones señaladas; el Ayuntamiento garantiza la confidencialidad de la información, documentación y actuaciones realizadas con la firma del convenio, con la finalidad de cumplir con la normativa española y europea en materia de protección de datos de carácter personal.*

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Concelleira Delegada Comercio, Mercados, Consumo e Barrios (DIANA MARIA SOBRAL CABANAS) a las 12:23 del día 21/10/2022. Mediante el código de verificación 6250OD680A4L344X1AZ3 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

En concreto, tendo en conta que a sinatura do convenio implica o tratamento de datos de carácter persoal, o Concello da Coruña utilizará os datos persoais exclusivamente para a xestión de todos os trámites que sexan necesarios para o outorgamento da tarifa reducida nos termos deste convenio (preinscricións, inscricións, consulta de datos para envío de información e chamadas telefónicas etc.).

*En concreto, teniendo en cuenta que la firma del convenio implica el tratamiento de datos de carácter personal, el Ayuntamiento de A Coruña utilizará los datos personales exclusivamente para la gestión de todos los trámites que sean necesarios para el otorgamiento de la tarifa reducida en los términos de este convenio (preinscripciones, inscripciones, consulta de datos para envío de información y llamadas telefónicas etc.).*

Ambas as partes presentarán, logo da formalización deste convenio, unha declaración responsable onde poñan de manifesto o lugar onde estarán situados os servidores que gardarán os datos de carácter persoal, así como o compromiso de cumprir coa normativa vixente nesta materia.

*Ambas partes presentarán, tras la formalización de este convenio, una declaración responsable donde pongan de manifiesto el lugar donde estarán situados los servidores que guardarán los datos de carácter personal, así como el compromiso de cumplir con la normativa vigente en esta materia.*

Ambas as partes deberán comunicar calquera cambio que se produza ao longo da vida do convenio respecto da declaración anterior.

*Ambas partes deberán comunicar cualquier cambio que se produzca a lo largo de la vida del convenio respecto de la declaración anterior.*

E, en proba de conformidade cos termos nel establecidos, asinamos este convenio, en exemplar duplicado, no lugar e na data que figura na cabeceira do documento.

*Y, en prueba de conformidad con los términos en él establecidos, firmamos este convenio, en ejemplar duplicado, en el lugar y en la fecha que figura en la cabecera del documento.*

A alcaldesa do Concello da Coruña
Inés Rey García

*La alcaldesa del Ayuntamiento de A Coruña*
*Inés Rey García*

O reitor da Universidade da Coruña Julio Ernesto Abalde Alonso

*El rector de la Universidad de A CoruñaJulio Ernesto Abalde Alonso*

Ao non haber máis asuntos que tratar, e ás dez horas e trinta e cinco minutos, a Presidencia remata a sesión e redáctase a presente acta que asinan e autorizan a Alcaldía e o concelleiro-secretario da Xunta de Goberno Local; todo iso de acordo co disposto no artigo 126.4 da Lei 7/1985, de 2

*No habiendo más asuntos que tratar, y siendo las diez horas y treinta y cinco minutos, la Presidencia levanta la sesión, redactándose la presente acta que firman y autorizan la Alcaldía y el concejal-secretario de la Junta de Gobierno Local; todo ello de conformidad con lo dispuesto*

de abril, reguladora das bases do réxime local.

*en el artículo 126.4 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local.*

**A concelleira-secretaria suplente da Xunta de Goberno Local**
**La concejala-secretaria suplente de la Junta de Gobierno Local**

**Diana María Sobral Cabanas**

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Concelleira Delegada Comercio, Mercados, Consumo e Barrios (DIANA MARIA SOBRAL CABANAS) a las 12:23 del día 21/10/2022. Mediante el código de verificación 62500D680A4L344X1AZ3 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/